

Proposta de protocolo para a limpeza viaria no Concello de Chantada a aplicar durante a crise do COVID-19.



Xustificación da necesidade de protocolo específico para o SAF.

O presente documento, dentro da colaboración do noso grupo municipal para a mellor resolución da crise orixinada polo COVID-19, visa adaptar o documento técnico do Ministerio de Sanidade, de 17 de marzo e elaborado polo Concello de Madrid e a Subdirección Xeral de Sanidade Ambiental e Saúde Laboral, ao noso ámbito, que desde o 26 de marzo está aplicando medidas neste ámbito.

Como saben a limpeza do rueiro é esencial e de especial importancia para a eliminación da carga viral. Así llo fixemos chegar no documento de propostas de 21 de marzo¹ mais no documento encamiñado á Comisión de seguimento do Concello de Chantada do día 24 de marzo². É máis importante agora cando, a 27 de marzo de 2020, temos xa 8 casos positivos confirmados no noso Concello.

Portanto, e con independencia das modificacións que o Goberno municipal estime oportunas introducir, propónse o seguinte documento como base das actuacións neste eido.

1 Proposta nº 7 das *Propostas de Por Chantada-CUP para actuación desde o Goberno municipal perante a emerxencia sanitaria derivada do COVID-19* (21/03/2020).

2 Epígrafe 2.3 do documento relativo á “desinfección” onde se demandaba extremar as precaucións cos colectores do lixo (deixar as tapas abertas permanentemente), co exterior e interior dos negocios abertos, coas dependencias municipais e coas rúas.

Protocolo para a limpeza viaria no Concello de Chantada a aplicar durante a crise do COVID-19

1.- Varrido de vías públicas.

Debe facerse para apagar residuos e materia orgánica, escollendo o varrido húmido como mellor opción a tal efecto, coa fin de evitar a dispersión do virus.

2.- Baldeo das rúas.

A auga debe reforzarse con deterxentes tensioactivos de arrastre, específicos para limpeza viaria, na concentración indicada polos responsábeis de posta no mercado dos correspondentes produtos empregados.

Como alternativa, pódese valorar a substitución dos tensioactivos por derivados e amonio cuaternario e outros produtos con actividade biocida. Neste caso, o baldeo realizaria tanto a limpeza canto a desinfección. Portanto, debe ser a opción preferencial sempre e cando non supoña un risco de corrosión que atinxa ao correcto funcionamento das baldeadoras.

3.- Desinfección.

No tocante á desinfección mediante mochilas con pulverizador (sulfatadoras) a desinfección debe facerse con hipoclorito sódico a 0.1% (20 ml de lixivia común por litro de auga). As persoas traballadoras encargadas deste labor deben contar coas equipas de protección persoal (EPI's) pertinentes:

- Traxe plástico tipo *Tyvex* ou semellante.
- Lentes protectoras.
- Luvas de protección.
- Máscara autofiltrante para gases e vapores inorgánicos.

A desinfección está especialmente indicada en espazos máis sensíbeis na actual situación, por exemplo os próximos a centros sanitarios, espazos comerciais e alimentares abertos, residencia de maiores e instalacións da administración.

4.- Desinfección de superficies.

A realización da desinfección de superficies (bancos, farolas ou calquera outro elemento municipal na vía pública, farase mediante os desinfectantes autorizados de actividade virucida, de acordo coa listaxe facilitada polo Ministerio de Sanidade³.

5.- Colectores de lixo.

Prestaráselle unha especial atención aos colectores de lixo. As instrucións sobre o tratamento do lixo e a demanda de manter as tapas abertas permanentemente durante a duración desta situación de emerxencia deberán colocarse plastificadas en cada un deles. Serán obxecto dunha desinfección diaria.

Sen outro particular e agarando que esta proposta lles sexa de utilidade receban un cordial saúdo.

Chantada, 27 de marzo de 2020.

Grupo municipal Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular.

³ Dispoñíbel en https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Listado_virucidas_PT2_ambiental.pdf (última consulta 27/03/2020).